

BLOQUES E AREAS DIALECTAIS DO GALEGO ACTUAL

O galego podemos dividilo en tres áreas dialectais claramente diferenciadas segundo os seus rasgos. Á súa vez estas áreas poden ser subdivididas. Tomando como exemplos algúns trazos característicos, diremos:

Bloque Occidental

Comprende as zonas occidentais de A Coruña e Pontevedra

- Existencia de gheada (**ghato, amigho**) que nas vilas costeiras presenta en lugar da aspiración un son semellante ó [x] castelán.
- Seseo implosivo (**lus, des**). Hai seseo explosivo nas zonas máis costeiras (**faser, vesíño**)
- Terminación **AN(S)** para os dous xéneros en formas como. **O irmán/ a irmán**
- Plural **-NS**: cans, avións
- Pronome suxeito **TI**
- Vocal temática analóxica **-E-** en formas como colleches, vendEstes en vez de colliches e vendistes.
- Realización no ditongo **UI** o grupo latino **-ULT-**: muito, truita, luita (parte sur)
- **Cheísmo** (na área de Fisterra) . Utilización do che tanto para OD coma OI: Vinche pola noite
- **Teísmo** (na área límite con Portugal) Utilización do TE tanto para o OD coma o OI: Colleute a bicicleta

Tamén son características do bloque: alteración do timbre vocálico etimolóxico (metafonía) sogro/sogra

Formas verbais con **-N-** analóxico na 1ª persoa: cantein/cantín

Formas **foches, fostes** con vocal **O** no radical en vez de fuches

Bloque Central

Formado por toda a Galicia Central: falares do nordeste e interior de A Coruña , interior de Pontevedra e as provincias de Lugo e Ourense, agás a súa parte oriental.

- Ausencia de gheada
- Ausencia de Seseo, agás o implosivo (**lus, des**) nalgungas zonas de A Coruña e seseo explosivo na bisbarra de Santiago (**faser, vesíño**)
- Terminación **AO(S)** para o masculino e **Á** para o feminino en formas como. **O irmao/ a irmá**
- Plural **-S** para os nomes acabados en N: **cas, avíos**
- Pronome suxeito **TU**
- Vocal temática analóxica **-I-** en formas como **colliches, partiches**
- Realización no ditongo **OI** o grupo latino **-ULT-**: moito, troita, loita
- Sufixo número persoal **-des** na 2ª persoa do plural (cantades) **ndes**

(cantandes). Nalgunha zona oriental podemos atopar a terminación **-is** (cantais, cantabais)

Bloque Oriental

Constituído polo galego exterior (occidente de Asturias, León e Zamora) e ademais, o falado ao leste de Lugo e Ourense

- Ausencia de gheada
- Ausencia de Seseo
- Terminación **IN** por **iño**: camín, vecín (Agás na parte sur deste bloque)
- Formas como **caxa, baxar**... no canto de caixa, baixar
- Plural **-IS** para os nomes acabados en N: **cais, avióis**
- Plural **-IS** para os nomes acabados en L: **sois, animais**. En Asturias en LES: animales.
- Pronome suxeito **TU**
- Formas verbais incrementadas co -n (cantein, hein)
- Realización no ditongo **OI/ UI/ U** o grupo latino **-ULT-**: moito, truita, luta
- Conservación do wau en **cua, gua**: cuatro, guardar
- Sufixo **-is** na 2ª persoa do plural (cantais, cantabais) e **-i** para o imperativo: cantai, collei